

## Carta ao Papa León XIV

Estimado León XIV:

Dámosche a benvida e alzamos a mirada cara a ti á vez que alzamos a nosa voz nesta carta.

Escoitámoste reiteradamente chamar á unidade. A unión entre católicos é un dos teus temas preferidos pero nós, as mulleres que pertencemos a Revolta das Mulleres na Igrexa- Alcem la Veu non nos sentimos unidas aos nosos irmáns homes, senón máis ben separadas polo simple feito de ser mulleres.

Como mulleres bautizadas, alzamos a mirada a Xesús de Nazaret, ao Cristo da fe, e sentímonos plenas e unidas en fraternidade e en sororidade con todo o Pobo de Deus pero, se alzamos a mirada cara á Igrexa, sentímonos invisibles, ninguneadas, separadas, discriminadas. Dános a sensación de que o noso bautismo non é pleno, é de auga, non de Espírito, non de Ruah como nos gusta dicir.

Porque ese mesmo bautismo para os homes ten unhas consecuencias plenas. Dálles a opción para participar, de forma íntegra, nos sete sacramentos, colocándoos nunha xerarquía, por encima da metade da humanidade. E para nós, as mulleres, polo simple feito de selo, hai un sacramento vetado, o da orde. Aos outros, excluindo o sacramento do matrimonio, só podemos optar de forma parcial, unicamente en calidade de “oíntes”: podémolos recibir pero non administrar.

O bautismo únenos a Cristo en igualdade de pertenza e carismas ao converternos a todos en Fillos e Fillas de Deus. Esa é a verdadeira unión de todas as persoas bautizadas: a filiación a un Deus Pai-Nai e a fraternidade cos irmáns e irmás. Pero na Igrexa non se dá.

Así que nós, mulleres da Revolta das Mulleres na Igrexa-Alcem la Veu, que estamos na marxe do camiño eclesial, feridas pola falta de recoñecemento en igualdade dos dons do noso bautismo, pedímosche que alces a mirada, que nos mires de verdade, que vexas todas as mulleres que traballamos pola nosa Igrexa e para a construción do Reino de Deus. Que nos mires e que nos vexas cos mesmos ollos cos que nos sentimos miradas por Xesús, o que pasou pola vida facendo o ben. E, coma o bo samaritano, fagas algo: repares os danos, te impliques na restitución do lugar ao que estamos chamadas como fillas dun mesmo Deus e non poñas excusas nin pases de largo ante as nosas feridas como o fixeron o levita e o sacerdote.

Unidas en oración a toda a Igrexa, seguiremos alzando a nosa voz, Ata que a igualdade sexa costume na Igrexa.

Revolta das Mulleres na Igrexa – Alcem la Veu de:

A Rioxa

Alacante

As Palmas de Gran Canaria

Asturias

Badaxoz

Barcelona

Bilbao

Burgos

Cabra

Cantabria

Córdoba

Granada

Guipuzkoa

Huesca

León

Lugo

Madrid

Málaga

Menorca

Murcia

Navarra

Palencia

Salamanca

Santiago de Compostela

Sevilla

Tenerife

Teruel

Valencia

Valladolid

Vigo

Vitoria-Gasteiz

Xaén

Xerez

Zaragoza

